

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN VENEZOLANA DE GALICIA (FEVEGA), PARA O MANTEMENTO DAS OFICINAS DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO DIRIXIDAS A EMIGRANTES RETORNADOS EN OURENSE E VIGO.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, a **Secretaría Xeral da Emigración**, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración D. Antonio Rodríguez Miranda, nomeado mediante Decreto 158/2016, do 24 de novembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra parte, a **Federación Venezolana de Galicia (FEVEGA)**, representada neste acto polo seu presidente, D. Manuel Pérez Vidal, actuando en virtude das facultades que lle outorga o artigo 12 dos estatutos da federación.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura do presente convenio de colaboración e para estes efectos,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias poden suscribir convenios de colaboración con outras administración ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 43 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réximen Xurídico do Sector Público en relación co artigo 6 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da Galeguidade, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as políticas de

emigración e retorno en Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados coas mesmas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta.

TERCEIRO.- Segundo establece o Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración ten entre as súas funcións a ordenación e planificación dos programas de atención ás persoas retornadas, propostas e execución de liñas de axudas, subvencións e convenios de colaboración relativos á política de retorno en Galicia.

CUARTO.- A Federación Venezolana de Galicia (FEVEGA), que ten a súa sede social no concello de Vigo, é unha agrupación de asociacións sen ánimo de lucro e de ámbito autonómico, que naceu no ano 2009 co obxectivo de apoiar aos seus asociados nos seus ámbitos de actuación e desenvolver accións de atención aos emigrantes retornados no seu proceso de integración social, laboral e cultural nesta Comunidade Autónoma. Segundo os últimos datos publicados polo INE os emigrantes procedentes de Venezuela continúan ocupando o primeiro lugar no seu retorno a Galicia, polo que tendo en conta que se trata da única federación na comunidade autónoma galega que aglutina a asociacións de venezolanos, é de especial relevancia a función da federación na atención que desempeña na primeiras fases do retorno deste colectivo prestándolle a información e o asesoramento necesario para acadar con éxito a súa inserción laboral, social e cultural. Por este motivo, no ano 2017 asinouse un convenio de colaboración con esta entidade para a posta en funcionamento de oficinas de información e asesoramento en Ourense e Vigo a emigrantes retornados, polo que, tendo en conta a crecente labor que veñen desempeñando na atención a este colectivo considérase necesario dar continuidade aos servizos de información e asesoramento que esta oficinas veñen prestando.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrència pública.

O interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de ofrecer aos emigrantes retornados á Comunidade Autónoma a maior cobertura posible no seu proceso de retorno e adaptación á sociedade galega.

Por todo o exposto, e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concurrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración, que recolle as seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes do presente Convenio para articular o financiamento dos gastos derivados do mantemento das oficinas de información e asesoramento da Federación Venezolana de Galicia (FEVEGA) aos emigrantes galegos retornados á Comunidade Autónoma galega en Ourense e Vigo.

As ditas oficinas teñen como finalidade a realización de actividades de información e asesoramento aos emigrantes retornados a esta Comunidade Autónoma procedentes de xeito preferente desde Venezuela.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

1. A Federación Venezolana de Galicia (FEVEGA) obrígase a:

- Informar, asesorar e ofrecer un servizo integral e completo aos emigrantes retornados, tanto no referente aos seus dereitos adquiridos no país da emigración como nas obrigas e dereitos que se xeran co retorno.

- Prestar a orientación e o asesoramento xurídico necesario.

- Apoiar no cumprimento dos trámites necesarios na súas relacións coas administración públicas.

- Proporcionar apoio aos emigrantes no momento do retorno e realizar labores de acompañamento para favorecer a súa integración social.

- O mantemento das oficinas que contarán cun espazo axeitado para o desenvolvemento das súas funcións.

- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

- Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para os beneficiarios de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento deste programa, a condición de entidade subvencionada pola Secretaría Xeral da Emigración, así como o seus correspondentes logotipos.

- Facilitar a actuación dos técnicos da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.

- Subministrar á Secretaría Xeral da Emigración, en virtude do disposto no artigo 4 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Secretaría Xeral da Emigración das obrigas previstas no Título I da citada Lei.

2. A Secretaría Xeral da Emigración obrígase a:

- Achega do financiamento previsto na cláusula terceira condicionada ao cumprimento do estipulado no presente convenio.

TERCEIRA.- ORZAMENTO

Para a realización das actividades descritas no presente convenio, a Secretaría Xeral da Emigración achegará unha contía global de **trinta e cinco mil euros (35.000,00 €)**. Esta achega farase con cargo a aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

A entidade destinará a achega feita pola Secretaría Xeral da Emigración, a sufragar os gastos derivados do mantemento das oficinas de información e asesoramento e do desenvolvemento das actividades descritas na cláusula anterior.

CUARTA.- PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

En virtude do disposto no Título III, artigos 42 e 44 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa.

Trala sinatura deste convenio, en concepto de pagamento anticipado, efectuarase unha entrega de fondos como financiamento necesario para poder levar a cabo as accións previstas, por unha contía de **dezaseis mil cen euros (16.100,00 €)**, atendendo ao disposto no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Poderanse efectuar tamén pagamentos a conta do importe concedido á medida que se xustifique a realización das accións previstas no presente convenio. O importe conxunto dos pagamentos a conta e e dos pagamentos anticipados non superarán o 80% da subvención concedida e o importe restante librarase no momento en que se xustifiquen na súa totalidade o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que lle concedeu a axuda.

Os pagamentos efectuaranse mediante conta xustificativa con entrega de xustificante dos gastos realizados consonte o establecido no artigo 48 do Decreto 11/2009.

A devandita xustificación comprenderá:

- Certificación acreditativa dos gastos realizados expedida pola persoa representante da entidade Federación Venezolana de Galicia (FEVEGA) na que se indicará de forma expresa que se cumpriu a finalidade obxecto do convenio e que para a súa execución se destinaron os fondos achegados pola Secretaría Xeral da Emigración.

- Relación de facturas e documentos xustificativos dos gastos realizados na que conste a data de emisión, concepto e importe.

- Documentos xustificativos dos gastos tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento.

Non obstante, para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros aceptárase a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor, en virtude do disposto no artigo 42.3 do decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Memoria final detallada das actuacións levadas a cabo ao abeiro do convenio asinada polo representante da entidade na que se fará constar os obxectivos acadados e o colectivo atendido.

- Declaración de que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, e de Seguridade Social, así como que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma.

- Declaración do conxunto das axudas concedidas para a actividade obxecto deste convenio, das distintas Administracións Públicas competentes ou de calquera outro organismo, ente ou sociedade, tanto públicos como privados.

- Se é o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados de estes.

Igualmente, en virtude do disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, con carácter previo a sinatura do presente convenio, a A Federación Venezolana de Galicia (FEVEGA) deberá presentar declaración de que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, e de Seguridade Social, así como que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma.

O prazo de xustificación do presente convenio remata o 30 de novembro de 2018.

Segundo o disposto no artigo 29.2 da Lei 29/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización da vixencia do convenio, excepto que pola propia natureza do gasto este se teña que pagar con posterioridade, tales como as cotizacións a seguridade social e a retención do I.R.P.F. referente ao último trimestre do ano.

De conformidade co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade non estará obrigada a constituír garantía.

De non xustificaren o importe total da subvención obxecto do convenio, e sempre e cando se tivera acadado o seu obxecto, a Secretaría Xeral da Emigración minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado.

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver.

QUINTA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

2. Igualmente, e de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

SÉXTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros, as seguintes:

- a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste convenio.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

SÉTIMA.- REINTEGRO

Procederase ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devengados desde o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo co artigo. 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- b) Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

OITAVA.- COMISION DE SEGUIMIENTO.

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dous representantes da Secretaría Xeral da Emigración, dos cales un será o presidente e dous representantes da entidade.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Proponer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa a subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración.

NOVENA.- RELACION LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración, ou o persoal dela dependente, non impartirá instrucións nin ordes aos traballadores contratados para a execución deste convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE E COLABORACIÓN

En virtude do establecido nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o convenio deberá ser publicado a través da Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS), que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións a través da súa páxina web, www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index.

O beneficiario da axuda coñece e consente a inclusión dos seus datos nos rexistros aos que, en virtude da normativa á que está sometido o convenio, deberá dársele publicidade a esta subvención, en concreto, nos rexistros regulados porlo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso de todas as partes para ás obrigas de publicidade impostas pola Lei 17/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

DÉCIMO PRIMERA.- REXIME XURIDICO

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido no mesmo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións nos seus preceptos básicos e demais normativa que sexa de aplicación. En relación coa normativa xeral sobre convenios será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistimento pola outra parte procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos esta entidade reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que deán lugar de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio (agás as que teñen que ver co outorgamento, xustificación, pagamento, reintegro e determinación de responsabilidades relativas a subvención concedida que serán resoltas polo, Secretario Xeral da Emigración), integraranse, interpretaranse e resolveranse motivadamente pola administración autonómica, logo do ditame non vinculante da comisión a que fai referencia a cláusula octava. Contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer os oportunos recursos contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 30 de novembro de 2018 agás que sexa denunciado por algunha das partes, por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de decembro de 2017.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O SECRETARIO XERAL DA EMIGRACIÓN

O PRESIDENTE DA FEDERACIÓN
VENEZOLANA DE GALICIA (FEVEGA)

Antonio Rodríguez Miranda

Manuel Pérez Vidal